

**ADDENDA Nº1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PORTAS PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA” PARA MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:**



**ADDENDA Nº1 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PORTAS PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO DENOMINADO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE PORTAS, VALGA, VILANOVA DE AROUSA E VILAGARCÍA DE AROUSA” PARA MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL**

Na data da sinatura electrónica

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Ricardo Martínez Chantada, quen actúa no nome e representación do Concello de Portas, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

**EXPOÑEN**

I.- Que con data 09 de xullo de 2021, o Concello de Portas e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o “Convenio de colaboración para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004626 “Iluminación exterior sostible IX: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”. O concello de Portas comprométese a achegar para a realización das actuacións descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a trinta e nove mil oitocentos un euro con corenta e tres céntimos de euro (39.801,43 €).

II.- Que en data 08/09/2021 por medio da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro WEB2021034509), o Concello de Portas propón que neste exercicio só se faga fronte ós gastos de redacción de proxecto que se estiman en 1.951,94 euros e o importe restante que ascende a 37.849,49 euros, sexa financiado coas cantidades a favor do concello ao abeiro do plan de obras



e servizos (Plan concellos) da Deputación de Pontevedra na súa anualidade 2022. En data 15/09/2021 por parte da Deputación de Pontevedra comunícaselle ó concello de Portas que detectado un erro aritmético no cálculo das cantidades correspondentes á parte de redacción e dirección de obra para o proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 “Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”, foi corrixido quedando desglosada a aportación do Concello de Portas da seguinte maneira: 2.361,84 euros correspondentes a redacción e dirección de obra a desembolsar en setembro de 2021 e 37.439,59 euros correspondentes a execución de obra a desembolsar a principios de 2022. En data 15/09/2021 o concello de Portas subsana a petición por medio da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (rexistro WEB2021035230).

III.- Que en data 10 de setembro de 2021 dáse a conformidade por parte do servizo da Intervención da Deputación provincial de Pontevedra á modificación do financiamento da achega municipal por parte do concello de Portas. Non obstante, tal e como se reflexa no seu informe, cómpre que se reflecta a cláusula 25.4 das bases orzamentarias da Deputación provincial de Pontevedra do ano 2021 dado que o groso da achega do concello de Portas será financiado cunha subvención do Plan de Obras e Servizos de 2022. Dita cláusula di o seguinte *“Cando a beneficiaria da subvención sexa unha entidade local e teña débedas coa Deputación, estas poderán ser compensadas con calquera pago concreto que lle teña que facer a Deputación ou a beneficiaria poderá autorizar á Deputación a compensalas con calquera pago que lle teña que facer o ORAL, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo. Así mesmo, nos convenios que se asinen con administracións públicas e que impliquen a obriga para estas de facer achegas para o financiamento do obxecto do convenio, deberanse recoller expresamente no texto do convenio as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación que se sinalan no parágrafo anterior”*.

Que, de acordo coas precedentes consideracións, dada a coincidencia de obxectivos e o interese común de ambas administracións manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á modificación da cláusula terceira “Importe e financiamento” do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Portas para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto denominado “Iluminación exterior sostible IX” (FEDER-EELL-2020-004626) asinado con data de 09 de xullo de 2021 para o financiamento da renovación das instalacións da iluminación exterior sostible do concello de Portas, con arranxo ós seguintes:

### **PACTOS**

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Portas acordan a modificación da cláusula terceira “Importe e financiamento” do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello de Portas para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto denominado “Iluminación exterior sostible IX” (FEDER-EELL-2020-004626) asinado con data de 09 de xullo de 2021 para o financiamento da renovación das instalacións da iluminación exterior sostible do concello de Portas. Dita cláusula queda redactada da seguinte maneira:



### **“Terceira. Importe e financiamento**

A inversión elixible admitida polo IDAE para o proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 *Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa* ascende á cantidade de douscentos noventa e nove mil sete euros con doce céntimos de euro (299.007,12€).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo a fondos do FEDER concedeu a Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de dous centos trinta e nove mil douscentos cinco euros con sesenta e nove céntimos de euro (239.205,69€), correspondendo este importe ao 80 % do investimento admitido elixible.

Para facer fronte ao importe restante (20 % do investimento elixible admitido) a Deputación de Pontevedra e Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación de Pontevedra achegaría o 10 % do investimento elixible co límite de vinte mil euros (20.000€) para actuacións dentro do termo municipal de cada un dos Concellos adheridos
- O importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións a realizar dentro do seu termo municipal, achegaría cada un dos Concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado achegou a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente onde se adherían ao proxecto e se comprometían a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para a realización do mencionado proxecto no caso de ser subvencionado.

Ademais o Concello adherido ao proxecto indicado no inicio deste parágrafo asinou o día 15 de outubro de 2020 o correspondente Acordo entre beneficiarios, que forma parte da documentación remitida ao IDAE como documento complementario do expediente de concesión da axuda.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 30 de abril de 2021 aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 *Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa* aos concellos beneficiarios e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

<b>Concello/ Concello</b>	<b>Investimento elixible admitido</b>	<b>Axuda IDAE outorgada (80% FEDER)</b>	<b>Achega do Concello</b>	<b>Achega da Deputación de Pontevedra</b>
<i>Concello de Portas</i>	299.007,12 €	239.205,69 €	39.801,43 €	20.000,00 €

A Deputación comprométese a achegar para a realización das actuacións nos concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a vinte mil euros (20.000,00 €) consignados na aplicación 21/942.1650.652.15, dentro do proxecto de gastos codificado como



***“FEDER-EELL-2020-004626 Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa”.***

*O Concello financiará o importe restante, é dicir, trinta e nove mil oitocentos un euro con corenta e tres céntimos de euro (39.801,43 €).*

*O importe que ten que chegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público que deberá ingresarse na tesourería provincial no momento da sinatura do convenio e, en todo caso, antes da iniciación do expediente de contratación. Este importe de dous mil trescentos sesenta e un euros con oitenta e catro céntimos de euro (2.361,84 €) correspondentes á redacción do proxecto, ingresarse neste exercicio económico e a cantidade restante, que ascende a trinta e sete mil catrocentos trinta e nove euros con cincuenta e nove céntimos de euros (37.439,59 €) será financiado coas cantidades a favor do concello ó abeiro do plan de obras e servizos (Plan Concellos) da Deputación de Pontevedra na súa anualidade 2022 coa fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.*

*En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte*

*Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2021, para facer efectivas as obrigas da achega do concello para o financiamento do presente convenio outórganse expresamente as facultades de comprensión e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao concello, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo”*

SEGUNDO.- Cando a beneficiaria da subvención sexa unha entidade local e teña débedas coa Deputación, estas poderán ser compensadas con calquera pago concreto que lle teña que facer a Deputación ou a beneficiaria poderá autorizar á Deputación a compensalas con calquera pago que lle teña que facer o ORAL, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo.

Así mesmo, nos convenios que se asinen con administracións públicas e que impliquen a obriga para estas de facer achegas para o financiamento do obxecto do convenio, deberanse recoller expresamente no texto do convenio as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación que se sinalan no parágrafo anterior.

TERCEIRO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 09 de xullo de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Portas

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Ricardo Martínez Chantada

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

